

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL EN
ARTES E HUMANIDADES, CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS DA USC
(Aprobado polo Consello de Goberno o 22 de febreiro de 2018)

TÍTULO I

A ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL EN ARTES E HUMANIDADES, CIENCIAS
SOCIAIS E XURÍDICAS DA USC

Artigo 1. Lexislación

A Escola de Doutoramento Internacional en Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas da USC (en adiante ED) rexeráse polo presente Regulamento, no marco do sinalado no seu acordo de creación (aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2016), nos Estatutos da USC, no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

Artigo 2. Definición

Dependente do CIEDUS, a ED é o centro universitario responsable de organizar, planificar, xestionar, supervisar e realizar un seguimento dos ensinos e actividades propias do doutoramento dentro do seu ámbito de coñecemento das Artes e Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas.

Artigo 3. Órganos de goberno da ED

Son órganos de goberno da ED os indicados no seu acordo de creación:

- Órganos colexiados: Comité de Dirección e Comisión Académica
- Órganos unipersoais: Director ou directora e secretario ou secretaria

Artigo 4. O Comité de Dirección

O Comité de Dirección estará composto por:

- a) O director ou directora da escola, quen o convocará e presidirá.

- b) O secretario ou secretaria da escola, que o será tamén do Comité de Dirección.
- c) As coordinadoras e os coordinadores dos programas de doutoramento adscritos á escola. No caso de programas interuniversitarios de doutoramento, serán incluídos os coordinadores da USC.
- d) Unha representación do Persoal Docente e Investigador vinculado aos Programas de Doutoramento equivalente ao 25% do número de Programas de Doutoramento adscritos á Escola.
- e) Unha representación das doutorandas e dos doutorandos matriculados nos programas de doutoramento adscritos á escola, que suporá o 25 % do total dos membros do Comité de Dirección.
- f) Un representante do Persoal de Administración e Servizos.

Os representantes dos apartados d), e) e f) serán elixidos nunha votación directa e secreta polos membros dos seus respectivos colectivos, de acordo co disposto no Regulamento Electoral Xeral da USC, e serán nomeados pola reitora ou reitor.

Para os efectos de constituír o comité de dirección das escolas de doutoramento, estarán censados nas respectivas escolas: a) O persoal docente e investigador da USC en servizo activo vinculado aos programas de doutoramento adscritos á escola nos termos que determina o Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC. b) Os estudantes matriculados nos programas de doutoramento adscritos á escola. c) O persoal de administración e servizos que desenvolva nela a súa actividade.

Todos os representantes elixidos serano por 2 anos. A condición de membro do Comité perderase ao cesar a vinculación coa escola ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido.

Artigo 5. Competencias do Comité de Dirección

Son competencias do Comité de Dirección:

- a) A elección do director ou directora da escola de doutoramento e, de ser o caso, a súa remoción.
- b) A elaboración e a aprobación da proposta de regulamento de réxime interno da escola (RRI), así como do seu código de boas prácticas.

- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración da escola.
- d) A emisión de informes sobre as propostas de novos programas de doutoramento adscritos á escola, e de modificación ou extinción dos existentes.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica da escola.
- f) As competencias da Escola indicadas no Regulamento de Estudos de Doutoramento no relativo aos premios extraordinarios de doutoramento.
- g) A resolución de conflitos entre axentes dos programas de doutoramento adscritos.
- h) A fixación de criterios de calidade para as teses doutorais adscritas a Escola.
- i) O establecemento de sistemas de control que garantan a calidade das teses, a formación dos doutorandos e o correcto seguimento destes.
- j) A planificación anual e organización de actividades de formación en investigación.
- k) A programación dos servizos e equipamentos da escola e a supervisión da súa xestión.
- l) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas á escola e o control da súa aplicación.
- m) A elaboración da memoria anual da Escola.
- n) A designación dos membros elixibles da Comisión Académica.
- o) Calquera outra competencia que lle atribúan os estatutos ou a normativa de aplicación.

Artigo 6. Reunións do Comité de Dirección

O Comité de Dirección reunirse por iniciativa da dirección ou por pedimento dun terzo dos seus membros. Realizará, polo menos, tres sesións ordinarias durante o curso académico en período lectivo.

O director ou directora do CIEDUS deberá ser convocado ás reunións do Comité de Dirección da escola.

Artigo 7. A Comisión Académica da ED

A ED terá unha Comisión Académica que estará formada polo director ou directora da escola - que a convocará e presidirá-, o secretario ou secretaria da escola -que o será tamén da Comisión Académica- e cinco doutoras ou doutores con vinculación permanente á USC e que teñan dirixido polo menos unha tese no ámbito dos programas adscritos á escola.

Estes doutores serán elixidos polo Comité de Dirección da Escola de entre os seus membros. Deberán pertencer preferentemente a programas de doutoramento diferentes, preferentemente ser distintos dos coordinadores dos programas de doutoramento e procurar unha representación equilibrada das distintas áreas que integran a escola.

A Comisión Académica será a encargada de tomar as decisións oportunas nos aspectos académicos dos programas adscritos á súa escola, para o que poderán solicitar e facer uso dos informes que consideren oportunos.

En particular, a Comisión Académica desenvolverá as funcións seguintes:

- a) A admisión a trámite das teses.
- b) A designación e nomeamento dos membros dos tribunais de tese.
- c) A autorización de defensa das teses de doutoramento.
- d) A emisión de informes sobre a defensa pública das teses en dependencias alleas á Universidade nos casos contemplados no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC.
- e) A elaboración de informes relativos ás solicitudes de cambio de Programa de Doutoramento por parte dun doutorando.
- f) A emisión de informes sobre convenios de doutoramento e de cotutela no ámbito da Escola.
- g) A revisión de méritos para a inclusión dun doutor no rexistro de directores.
- h) A autorización da asignación dun director de tese nos casos previstos no artigo 10.7 do Regulamento de Estudos de doutoramento da USC.
- i) A autorización da participación dun membro do tribunal por videoconferencia, segundo o establecido no artigo 37.6 do Regulamento de Estudos de doutoramento da USC.
- j) A autorización de delegación do secretario do tribunal nun membro do persoal docente e investigador da USC para a custodia da documentación da defensa da tese.
- k) A emisión de informes de equivalencia a nivel académico do título de doutor.
- l) Calquera outra competencia que lle encomende o Comité de dirección ou a normativa de aplicación.

Artigo 8. O director ou directora da ED

O director ou directora representa á escola, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación do Comité de Dirección e da Comisión Académica e executa os seus acordos.

O director ou directora será elixido polo Comité de Dirección, consonte o artigo 61 do Regulamento electoral da USC (CG de 8 de outubro de 2015) e nomeado polo reitor ou reitora, por un período de catro anos renovables por unha soa vez, de entre o persoal docente e investigador da escola co título de doutor ou doutora que teña vinculación permanente á Universidade e que reúna a condición de investigador ou investigadora de recoñecido prestixio. Esta condición debe estar avalada pola xustificación da posesión de polo menos tres períodos de actividade investigadora recoñecidos consonte as previsións do Real Decreto 1086/1989, do 28 de agosto; no caso de non resultarlle de aplicación o dito criterio de avaliación, deberá acreditar méritos equiparables aos sinalados.

O director ou directora da escola poderá cesar por dimisión ou por acordo do Comité de Dirección obtido por maioría absoluta dos seus membros mediante moción de censura construtiva.

Artigo 9. Competencias do director ou directora da ED

Son competencias do director ou directora da ED as seguintes:

- a) A representación da escola.
- b) A dirección e a xestión ordinaria da escola.
- c) A presidencia das reunións do Comité de Dirección, así como a execución dos seus acordos.
- d) A presidencia da Comisión Académica da escola.
- e) A dirección da política académica da escola.
- f) A proposta ao reitor ou reitora do nomeamento e cesamento do secretario ou secretaria da escola.
- g) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da escola e, en particular, do seu código de boas prácticas.
- h) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes dos seus membros.
- i) O control do adecuado mantemento do patrimonio da escola.
- j) A autorización dos gastos dentro do orzamento anual da escola.

- k) O exercicio das restantes funcións que deriven do seu cargo, así como aquelas que sinalen os estatutos ou a lexislación universitaria.
- l) As competencias do director estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da escola que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 10. O secretario ou secretaria da ED

O secretario ou secretaria da escola é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración desta e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos, e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais da escola. Ademais, exercerá aquelas funcións que lle encomenden o director ou directora, a lexislación vixente e os Estatutos.

O secretario ou secretaria será nomeado polo reitor ou reitora, segundo a proposta do director ou directora, de entre os profesores ou funcionarios dos subgrupos A1 e A2 que presten servizos na escola.

O secretario ou secretaria cesará por decisión do reitor ou reitora, ben tras a proposta do director ou directora da escola ou por petición propia.

TÍTULO II

OS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO ADSCRITOS Á ED

Artigo 11. As Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento

Cada programa de doutoramento contará cunha Comisión Académica do Programa de Doutoramento (en adiante CAPD), órgano responsable do deseño, implantación, actualización, organización, calidade e coordinación do programa de doutoramento.

Para o seu funcionamento interno, a CAPD poderá nomear comisións delegadas que traten os asuntos específicos que lle delegue a CAPD.

Artigo 12. Composición da CAPD

A CAPD será nomeada pola reitora ou reitor e estará constituída por un mínimo de cinco e un máximo de quince membros, que deberán formar parte do profesorado do programa de doutoramento, entendéndose como tal o profesorado que figura na memoria de verificación. Na composición da CAPD deberá haber representación dos distintos ámbitos de investigación do Programa.

A CAPD estará integrada por persoal doutor con vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo, en posesión de, polo menos, un período de actividade investigadora recoñecida de acordo co RD 1086/1989, ou equivalente para o profesorado contratado.

Na CAPD deberá designarse unha presidenta ou presidente e unha secretaria ou secretario, quen dará fe dos acordos adoptados pola comisión e redactará as actas das sesións da CAPD.

No caso de programas de doutoramento interuniversitarios, ou programas en que participen organismos, centros, institucións e entidades con actividades de I+D+i, públicos, privados, nacionais ou estranxeiros, a composición da CAPD será a que figure mediante acordo ou segundo o indicado no correspondente convenio de colaboración. En calquera caso, a composición da CAPD deberá contar, cando menos, cun membro da USC, e todos os membros deben acreditar os mesmos requisitos que o persoal investigador adscrito á universidade ou méritos equiparables no caso de que non resulte de aplicación a posesión do período de actividade investigadora.

A CAPD renovarase, con carácter xeral, cada catro anos. Cada programa de doutoramento poderá establecer a elección, cese e renovación dos membros da súa CAPD a través dos criterios establecidos no regulamento de réxime interno do Programa.

Artigo 13. Competencias da CAPD

Son competencias da CAPD as indicadas no artigo 6 do Regulamento de Estudos de Doutoramento.

Artigo 14. O coordinador da CAPD

Cada programa de doutoramento deberá contar cunha persoa coordinadora, nomeada polo reitor ou reitora, que actuará como presidente ou presidenta da CAPD. O coordinador ou coordinadora debe cumprir os requisitos seguintes:

- (i) ter dirixido ou codirixido polo menos dúas teses de doutoramento,
- (ii) estar en posesión de polo menos dous períodos de actividade investigadora recoñecidos de acordo co RD 10 86/1989 ou equivalente, e
- (iii) ter vinculación permanente coa universidade e dedicación a tempo completo.

Só se poderá ser coordinador ou coordinadora nun único programa de doutoramento.

No caso de programas interuniversitarios, a designación do coordinador será por acordo entre reitores cando se trate de programas conxuntos, e no modo indicado no convenio con outras institucións cando se desenvolva en colaboración con elas.

O coordinador ou coordinadora poderá cesar por dimisión ou por acordo da Comisión Académica, por maioría absoluta dos seus membros mediante moción de censura construtiva.

Artigo 15. O secretario ou secretaria da CAPD

O secretario ou secretaria será nomeado polo reitor ou reitora, a proposta do coordinador ou coordinadora entre os membros da CAPD.

O secretario ou secretaria é o encargado de dar fe dos actos e acordos da CAPD e, coma tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais da CAPD. Tamén exercera aqueloutras funcións que lle delegue o coordinador ou coordinadora, ou se lle encomende noutras normas que sexan de aplicación.

O secretario ou secretaria cesará por decisión do reitor ou reitora, ben tras a proposta do coordinador ou coordinadora da CAPD ou por petición propia.

Artigo 16. Os doutorandos e doutorandas adscritos á Escola.

Son dereitos e deberes dos doutorandos e doutorandas da Escola os indicados no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, no Estatuto do Estudante Universitario e os incluídos no compromiso documental de supervisión.

Artigo 17. Os titores e directores de teses de programas adscritos á Escola.

Son dereitos e deberes dos titores e directores de teses da Escola os indicados no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC e os incluídos no compromiso documental de supervisión.

TÍTULO III

RÉXIME DE XUNTANZAS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO

Artigo 18. Convocatorias e sesións

A asistencia ás xuntanzas dos órganos colexiados constitúe un dereito e un deber para todos os seus membros. Cando a natureza dos asuntos o requira, poderase invitar a outros membros da comunidade universitaria con voz pero sen voto.

Os órganos colexiados estarán presididos pola directora ou director da Escola de Doutoramento; en caso de ausencia, este será substituído, para esa sesión, polo membro de superior categoría e antigüidade.

En caso de ausencia ou vacante dos secretarios dos órganos colexiados, estes serán substituídos, para esa sesión, polo membro do órgano que determine a presidencia do mesmo.

Facilitarase que os membros dos órganos colexiados participen nas xuntanzas mediante videoconferencia.

Todos os órganos colexiados poderán celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia. Nas sesións que celebren os órganos colexiados a distancia, os seus membros poderán atoparse en distintos lugares a condición de que se asegure por medios electrónicos a identidade dos membros e o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interacción e comunicación entre eles en tempo

real e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión. Considéranse medios válidos os telefónicos, o correo electrónico e os medios audiovisuais.

En todo caso, a Presidencia será quen determine para cada sesión que medios técnicos non presenciais poderán ser utilizados para garantir a interacción de todos os membros.

Os órganos colexiados referidos neste regulamento reuniranse con carácter ordinario ou extraordinario por iniciativa do presidente ou presidenta, ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Serán sesións extraordinarias as que se convoquen pola Presidencia para tratar asuntos cuxa importancia ou urxencia así o requira.

As convocatorias ordinarias dos órganos colexiados referidos neste Regulamento serán comunicadas aos seus membros con polo menos con tres días de antelación. As convocatorias de carácter extraordinario serán comunicadas polo menos con dous días de antelación. As convocatorias enviaranse vía correo electrónico, xunto á orde do día redactada polo secretario ou secretaria co visto e praxe do presidente ou presidenta. Xuntarase á convocatoria toda a documentación necesaria para a información dos seus membros, ben a través de correo electrónico, ben a través de repositorio institucional.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto co voto favorable da maioría.

Artigo 19. Réxime de adopción de acordos

Para a validez da constitución do órgano colexiado será necesaria, en primeira convocatoria, a participación do presidente ou presidenta, do secretario ou secretaria, ou quen legalmente os substitúan, e de polo menos a metade dos demais membros do órgano. De non se producir quórum na primeira convocatoria, o órgano colexiado quedará constituído na segunda convocatoria, media hora despois, sempre que participen polo menos un 30% dos seus membros.

As sesións ordinarias dos órganos colexiados referidos neste Regulamento iniciaranse co informe do presidente. Seguidamente, pasarase ao exame, debate e, de ser o caso, votación dos puntos establecidos na orde do día da convocatoria.

Corresponderá ao presidente ou presidenta establecer a orde de intervencións e moderar o debate, conceder e retirar a palabra, e precisar os termos ou propostas obxecto de votación. No

exercicio de dita competencia, poderá establecer unha orde pechada de intervencións e asignar tempos determinados a cada unha delas, garantindo, polo menos, un dereito de réplica por alusións.

Os acordos dos órganos colexiados poderanse adoptar por asentimento ou mediante votación.

En casos xustificadas, e a petición dun dos membros do órgano, a votación poderá ser de forma secreta; neste caso, a sesión deberá ser presencial.

Non se admitirá a delegación de voto nin o voto anticipado dos membros do órgano.

Para ser válida a adopción de acordos, deberase acadar cando menos a metade máis un dos votos dos membros presentes.

Nas votacións na que se produza empate, o presidente ou presidenta poderá exercer o voto de calidade ou aprazar o tema que se trate.

Os acordos dos órganos serán executados polo director ou directora da Escola. Os acordos da Comisión Académica poderán recorrerse enalzada fronte o Comité de Dirección, e os deste fronte ao Consello de Goberno.

Artigo 20. Actas

De cada sesión que celebre o órgano colexiado levantará acta o secretario ou secretaria, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da xuntanza, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros do órgano colexiado, o voto contrario ao acordo adoptado ou a súa abstención, así como os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinale a Presidencia do órgano, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou xuntándose copia a esta.

Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito, no prazo de 2 días, que se incorporará ao texto aprobado.

As actas, asinadas polo secretario ou secretaria, co visto e prace do presidente ou presidenta, serán enviadas mediante correo electrónico aos membros do órgano colexiado para a súa aprobación polo mesmo medio, considerándose aprobadas na mesma sesión sempre que non se produzan obxeccións.

No caso de que a acta non resulte aprobada, será sometida á consideración do órgano colexiado, xunto coas alegacións presentadas, na seguinte sesión. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

TÍTULO IV DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 21. Da iniciativa

O presente Regulamento pode ser reformado a proposta do director ou directora da Escola ou mediante solicitude dun 30% dos seus membros.

Artigo 22. Procedemento de reforma do Regulamento

Presentarase o texto alternativo a todos os membros do Comité de dirección, para que poida ser examinado e poidan ser presentadas emendas durante un período mínimo de 15 días hábiles. Deberá ser aprobado polo Comité de Dirección por maioría absoluta dos seus membros.

Artigo 23. Aprobación da reforma do Regulamento

No caso de que o proxecto de reforma do Regulamento fose aprobado polo Comité de Dirección da Escola, será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación e aprobación definitiva.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.-Corresponderá ao Comité de Dirección da Escola o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste Regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

Segunda.- En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime interno aplicarase o estipulado nos Regulamento de Estudos de Doutoramento, Estatutos da USC e na lexislación xeral universitaria vixente.

Terceira.- Os artigos 18, 19 e 20 serán de aplicación para as Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento agás que se establezan outras disposicións no seu Regulamento de Réxime Interno ou acorden outro procedemento co informe previo da Escola .

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente Regulamento entrará en vigor no momento da súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC tras a aprobación polo Consello de Goberno da USC.